

CONSELLO IBEROAMERICANO DE EDICIÓN UNIVERSITARIA E ACADÉMICA

As organizacións abaixo asinantes —a Asociación de Editoriales Universitarias de América Latina y el Caribe (EULAC), a Associação Brasileira das Editoras Universitárias (ABEU), a Red de Editoriales Universitarias Nacionales de la Argentina (REUN), a Red de Editoriales de Universidades Privadas de la Argentina (REUP), a Red de Editoriales Universitarias Chilenas (REDUCH), a Red de Editoriales Universitarias del Ecuador (REUDE), a Red de Editoriales Universitarias y Académicas del Perú (EUPerú), a Asociación de Editoriales Universitarias de Colombia (ASEUC), a Comisión de Editoriales Universitarias Públicas de Costa Rica (EDUPUC), a Red de Editoriales Académicas de El Salvador (Exlibris), a Red Altexto de Editoriales Universitarias y Académicas de México (Altexto), o Grupo de Editoriales Universitarias da Asociación de Universidades Confiadas a la Compañía de Jesús en América Latina (AUSJAL), o Consejo Latinoamericano de Ciencias Sociales (CLACSO), a Unión de Editoriales Universitarias Españolas (UNE) e a Associação Portuguesa de Editoras do Ensino Superior (APEES)—, reunidas no marco da cooperación académica e científica rexional, acordan formalizar a constitución do Consejo Iberoamericano de Edición Universitaria y Académica (CIEUA).

Este Consejo nace co propósito de dar continuidade e estrutura ao Acordo de Guadalajara, asinado o mércores 4 de decembro de 2024 na Feira Internacional do Libro de Guadalajara por máis de cincocentas editoriais universitarias e científicas de Iberoamérica, como expresión do compromiso colectivo cunha ciencia de calidade, aberta, inclusiva e articulada en español e portugués.

O CIEUA establécese como un espazo permanente de colaboración rexional para:

- A. Promover o español e o portugués como linguas científicas, co fin de garantir a súa presenza, valoración e circulación nos sistemas de avaliación, indexación e difusión global.
- B. Impulsar o acceso aberto, a equidade lingüística e a visibilidade do coñecemento xerado nas institucións de educación superior e centros de investigación de Iberoamérica.
- C. Articular esforzos para a creación dun corpus académico común nas linguas da rexión iberoamericana, que exprese a diversidade cultural, científica e epistemolóxica.

- D. Fomentar a innovación na edición académica, que teña en conta o uso ético de sistemas, ferramentas e tecnoloxías, como a intelixencia artificial.
- E. Favorecer a investigación sobre o sector editorial académico iberoamericano, a nivel nacional e rexional, como unha ferramenta para xerar estratexias e fomentar o desenvolvemento.
- F. Consolidar vínculos con organismos e axencias públicas de avaliación científica e, así, contribuír a mellorar estándares de calidade e lexitimidade editorial.
- G. Establecer acordos coas bibliotecas e cos repositorios institucionais, así como cos aliados estratéxicos para lograr que os contidos académicos e científicos estean ao alcance de todos os lectores e lectoras a nivel global.
- H. Actuar como interlocutor fronte a instancias e organismos nacionais e internacionais, para promover acordos estratéxicos que fortalezan os obxectivos colectivos das redes e as asociacións nacionais de editoriais universitarias e académicas da rexión.

Liñas estratéxicas iniciais de colaboración:

1. **Calidade e boas prácticas.** Promoción das boas prácticas na edición académica, co fin de lograr o recoñecemento de calidade das axencias nacionais de avaliación, fortalecer a lexitimidade científica dos libros e as revistas académicos publicados polas institucións de educación superior e centros de investigación, e robustecer iniciativas como o selo CEA-APQ (Calidade en Edición Académica-Academic Publishing Quality) e o DPA (Declaración de Prestixio Académico).
2. **Catálogo iberoamericano de publicacións académicas e universitarias.** Consolidación dun ecosistema dixital de publicacións con alcance global que integre os catálogos das distintas redes e asociacións nacionais iberoamericanas co obxectivo de visibilizar, distribuír e vender os contidos académicos e universitarios.
3. **Enlazadas.** Fortalecemento desta iniciativa que promove o diálogo de saberes a través da organización de mesas e catálogos temáticos especializados, e que busca xerar sinerxías entre autores/as, editores/as, distribuidores/as, libeiros/as e lectores/as.
4. **Acceso aberto.** Deseño de estratexias e promoción de proxectos colectivos, como a Plataforma Editorial de Publicaciones en Abierto (PEPA), que faciliten a circulación do coñecemento en acceso aberto.

5. **Revistas académicas.** Creación dun proxecto iberoamericano de revistas académicas en español e portugués para visibilizar e garantir a accesibilidade, a circulación efectiva e o uso de estándares éticos en publicacións periódicas, incluíndo a ruta diamante.
6. **Investigación sobre o libro académico.** Consolidación do estudo exhaustivo sobre a edición académica iberoamericana que proporciona información sobre contidos, procesos de avaliación e edición, redes de coñecemento, distribución e comercialización, co fin de xerar información estratéxica, adoptar ferramentas de análise compartidas, xerar o diálogo con instancias e aliados estratéxicos e medir o impacto da edición académica da rexión, así como de cada un dos países iberoamericanos.
7. **Foros e feiras do libro.** Planificación conxunta de xornadas profesionais das editoriais académicas en feiras nacionais e internacionais do libro, acompañadas de estratexias de promoción, como a difusión de catálogos mediante códigos QR e o uso de lemas comúns que fagan visibles os proxectos colectivos.
8. **Coedicións.** Establecemento dun marco de cooperación editorial e dunha base de datos colectiva para impulsar a publicación conxunta de obras de investigación e divulgación entre asociacións e redes nacionais, así como entre editoriais universitarias iberoamericanas.
9. **Mobilidade e capacitación editorial.** Promoción de programas de mobilidade para editores/as e técnicos/as editoriais, orientados a mellorar a formación, compartir experiencias e fomentar as boas prácticas na edición académica e científica.

O CIEUA é un consello creado para garantir o cumprimento das diferentes accións declaradas neste documento. As súas funcións principais son fixar o rumbo, a visión e os obxectivos dos proxectos e as estratexias conxuntas, asegurando que as decisións beneficien a toda a comunidade. Está conformado por sete integrantes, dous representantes da Península Ibérica e cinco de América Latina, que serán designados da seguinte maneira: un pola Unión de Editoriales Universitarias Españolas (UNE); un pola Associação Portuguesa de Editoras do Ensino Superior (APEES); catro pola Asociación de Editoriales Universitarias de América Latina y el Caribe (EULAC) e un pola Associação Brasileira das Editoras Universitárias (ABEU). Os conselleiros e conselleiras estarán en funcións durante un período de dous anos, con posibilidade de prórroga por un período igual.

O CIEUA levará a cabo reunións periódicas —como mínimo tres reunións anuais— nas que se deliberarán e acordarán democraticamente os proxectos conxuntos e as accións que seguir. Así mesmo, poderá constituír comisións de traballo encargadas de coordinar e implementar as distintas liñas de acción, para atender as prioridades estratéxicas definidas polos seus e as súas integrantes, en colaboración coas asociacións e redes nacionais de editoriais universitarias.

O CIEUA concíbese como un espazo de integración, articulación e proxección da ciencia en Iberoamérica, que apoia o traballo en rede de todas as asociacións e redes nacionais de editores universitarios de Iberoamérica, comprometido co desenvolvemento sostible, a soberanía científica, o recoñecemento do multilingüismo e a democratización do coñecemento.

Con este acto, as redes e asociacións asinantes declaramos constituído o Consejo Iberoamericano de Edición Universitaria y Académica e convidamos a todas as editoriais universitarias e científicas da rexión a sumarse a este proxecto colectivo por unha ciencia para todas e todos, en español e en portugués.

Asinado na cidade de Guadalajara no marco da Feira Internacional do Libro de Guadalajara, o mércores 03 de decembro de 2025.

Lía Castillo Meneses
Presidenta
**Asociación de Editoriales Universitarias
de América Latina y el Caribe (EULAC)**

María Isabel Cabrera García
Presidenta
**Unión de Editoriales Universitarias Españolas
(UNE)**

Susane Santos Barros
Directora da Rexión Nordeste
**Associação Brasileira das Editoras Universitárias
(ABEU)**

Lizbeth Alvarado Campos
Presidenta
**Editoriales Universitarias y Académicas del Perú
(EUPerú)**

Isidora Sesnic Humeres
Presidenta
**Red de Editoriales Universitarias Chilenas
(REDUCH)**

Gustavo Solórzano Alfaro
Representante
**Comisión de Editoriales Universitarias Públicas
de Costa Rica (EDUPUC)**

Francisco Montaña Ibáñez
Presidente
Asociación de Editoriales Universitarias de Colombia
(ASEUC)

Laura Figueroa Lizárraga
Coordinadora Nacional
Red Altexto de Editoriales Universitarias
y Académicas de México (Altexto)

Anabel Castillo Bastidas
Representante
Red de Editoriales Universitarias del Ecuador
(REUDE)

Miriam Margarita Ortega Torres
Coordinadora
Grupo de Editoriales Universitarias da Asociación de
Universidades Confiadas a la Compañía de Jesús en
América Latina (AUSJAL)

Rafael Paredes
Representante
Red de Editoriales de Universidades Privadas
de la Argentina (REUP)

Javier Piccolo
Coordinador ejecutivo
Red de Editoriales Universitarias Nacionales
de la Argentina (REUN)

Norma Hernández Escobar
Presidenta
Red de Editoriales Universitarias de El Salvador
(Exlibris)

João Carlos Relvão Caetano
Presidente
Associação Portuguesa de Editoras do Ensino Superior
(APEES)

María Fernanda Pampín
Representante
Consejo Latinoamericano de Ciencias Sociales
(CLACSO)

Belinda Ramos Muñoz
Representante
Guatemala

Aimée Arvelo Genao
Representante
República Dominicana

Sayri Karp Mitastein
Secretaría e relatoría
Editorial Universidad de Guadalajara

Juan Felipe Córdoba Restrepo
Secretaría e relatoría
Editorial Universidad del Rosario